

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 24 de outubro de 2022

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.


E doutra parte, don Manuel Puga Pereira, presidente da Real Academia de Farmacia de Galicia (RAFG), actuando en nome e representación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 19.2 f) dos seus estatutos.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.



SEGUNDO.- Que o Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Esta complexidade, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario veña demandando a organización e desenvolvemento de actividades formativas no ámbito da saúde para a mellora continua dos/as seus/súas profesionais.

TERCEIRO.- Que a Real Academia de Farmacia de Galicia é unha corporación de dereito público que se rexe polos seus estatutos, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar e integrada por todos os membros que a compoñen, que está adscrita á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

De conformidade cos seus estatutos (última versión publicada no DOG núm. 224, do 25 de novembro de 2019), entre os fins da Real Academia de Farmacia de Galicia atópanse a divulgación científica e formación permanente dos/as profesionais da farmacia e a difusión social das ciencias farmacéuticas a través da web, campus virtual, cursos, seminarios, conferencias e calquera outro procedemento ou distincións das actividades que redunden en beneficio da mesma.

CUARTO.- Que é vontade destas institucións intensificar as relacións entre ambas entidades, facilitando o achegamento de coñecementos aos/ás profesionais do Sistema Público de Saúde.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a firma do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para colaborar impartindo ou poñendo en marcha actividades de formación dirixidas aos/ás profesionais do Servizo Galego de Saúde, así como efectuar un labor divulgativo daquelas actividades, nas que, atendendo ás súas características, considérese conveniente a súa difusión con carácter xeral e resulte de interese para ambas as entidades.



Segunda.- Realización de actividades

A Real Academia de Farmacia de Galicia comprométese á realización de tres actividades de divulgación ou formativas que se acordarán coa ACIS. O contido e programa das devanditas actividades será o acordado polas partes, así como a forma en que se divulgarán as mesmas, tendo en conta o seu obxecto e o ámbito profesional ao que van dirixidas.

Para impartir estas actividades, corresponderalle á Real Academia de Farmacia de Galicia determinar os académicos que se farán cargo, tanto da dirección das actividades formativas, como de impartilas. Calquera gasto derivado do desprazamento ou de compensación destas actividades aos devanditos académicos, deberá ser por conta da RAFG, sen que corresponda á ACIS o abono directo de ningunha cantidade por este concepto.

A RAFG autoriza á ACIS á difusión destas actividades formativas, na forma en que se considere conveniente, cedendo os dereitos de difusión ou emisión das mesmas.

No seu caso, a ACIS poderá empregar os medios de gravación ou outros que considere convenientes, para a correcta divulgación destas actividades.

Terceira.- Difusión

Ambas as partes comprométese, durante a vixencia do presente convenio, a difundir a participación e colaboración da outra, mediante a inserción do logo ou marca en cantos documentos e en calquera outra información que se publique ou edite en relación coas actividades obxecto do mesmo.

Cuarta.- Financiamento do convenio

Para facilitar a realización e organización destas actividades, a ACIS aboará un importe de 5.000 € á Real Academia de Farmacia de Galicia, na conta bancaria da mesma que se indique, á finalización das mesmas.

A cantidade irá con cargo á aplicación orzamentaria 12 A1 414A 226.17, onde existe crédito orzamentario suficiente e axeitado.


Quinta.- Comisión Mixta de Seguimento do convenio

Para o desenvolvemento e control daquelas accións que, con motivo do presente convenio, sexan levadas a cabo, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento, coa finalidade de resolver as dúbidas que se produzan na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta por dous representantes designados pola ACIS e outros dous designados pola RAFG.



Real Academia de
Farmacia de Galicia



A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con respecto ás prácticas:

- 1.- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- 2.- Propoñer, no seu caso, addendas ou modificacións a este convenio, para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
- 3.- Tratar e resolver as cuestións de diverxencia que puideran xurdir no desenvolvemento do convenio.

Sexta.- Resolución de conflitos

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo.

De non chegarse a un acordo, as cuestións obxecto de diverxencia poderán ser impugnadas ante a xurisdición contencioso-administrativa da cidade de Santiago de Compostela.

Sétima.- Causas de resolución do convenio

1. O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas noutras leis.

Oitava.- Vixencia do convenio, modificación e prórroga

O prazo de vixencia deste convenio iniciarase o mesmo día da súa sinatura ata 31 de decembro de 2022, salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha



antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou da súa prórroga, podendo prorrogarse de forma expresa por un período dun ano adicional.

En calquera caso, os compromisos adquiridos deberán ser cumpridos no correspondente exercicio.

O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión Mixta de Seguimento do convenio e previo acordo das partes.

Novena.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza xurídica administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como pola normativa sobre a materia obxecto deste convenio.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Décima.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e o resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.


O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Protección de datos

As partes comprométese a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.



Real Academia de
Farmacia de Galicia



E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio por duplicado no lugar e data anteriormente indicados.

O presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,



Julio García Comesaña

O presidente de la Real Academia de Farmacia de Galicia,

A blue ink signature of Manuel Puga Pereira is written over the text and extends to the right.

Manuel Puga Pereira



Real Academia d
Farmacia de Gali